


## ▼ Os experimentos de Redi e Pasteur

### Experimento de Redi

Colócase carne en dous tarros: un tapado (experimento 1) e outro destapado (experimento 2). Os vermes só aparecen no tarro destapado, debido a que as femias das moscas poden acceder á carne e depositar os seus ovos nela. No tarro pechado, os insectos non poden realizar a posta sobre a carne e, daquela, non aparecen vermes. Esta experiencia demostra que os vermes non xorden por xeración espontánea.



### Experimento de Pasteur

Dous matraces que conteñen caldo de cultivo, férvense co gallo de eliminar os microbios que conteñen. Alóngase o colo de ambos os recipientes e fórmase un tubiño fino e curvado aberto polo extremo. Pasados uns días poderase comprobar que non hai crecemento de bacterias xa que o caldo permanece transparente. No entanto, se se corta un dos matraces (experimento 2), o caldo entúrbase, sinal do crecemento das bacterias.

